

## SEGUIMIENTO ALUMNADO CURSO 2020-2021

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento en Estatística e Investigación Operativa (CAPD), a través da súa Comisión Permanente, acordou na súa xuntanza do 28/05/2021 realizar a avaliación anual do alumnado correspondente ao curso 2020-2021 nos seguintes prazos, de acordo cos períodos de cada unha das universidades participantes no programa.

### DATAS IMPORTANTES

Universidade	Incorporación actividades alumnado	Informe perfil autorizado	CAPD
<b>USC</b>	Ata o 25 de xuño	Ata o 2 de xullo	Ata o 9 de xullo (*)
<p>Os seminarios de seguimento do alumnado da USC realizaranse entre o 28 de xuño e o 5 de xullo. A data límite para remitir os informes dos tribunais será o 7 de xullo. A CAPD reunirse o 8 de xullo. (*) Poderanse realizar alegacións á avaliación ata o 16 de xullo. A CAPD terá ata o 23 de xullo para a resolución de alegacións.</p>			
<b>UDC</b>	Ata o 15 de setembro	Antes do seminario de seguimento	
<p>Os seminarios de seguimento do alumnado da UDC realizaranse entre o 15 e o 22 de setembro. A data límite para remitir os informes dos tribunais será o 24 de setembro. A CAPD reunirse o 27 de setembro. Poderanse realizar alegacións á avaliación ata o 29 de setembro. A CAPD terá o día 30 de xullo para a resolución de alegacións.</p>			
<b>UVigo</b>	Ata o 15 de setembro	Antes do seminario de seguimento	
<p>Os seminarios de seguimento do alumnado da UVigo realizaranse entre o 6 e o 22 de setembro, sempre e cando o alumnado teña introducida a información para a avaliación anual na secretaría virtual. A data límite para remitir os informes dos tribunais será o 24 de setembro. A CAPD reunirse o 27 de setembro. Poderanse realizar alegacións á avaliación ata o 29 de setembro. A CAPD terá o día 30 de setembro para a resolución de alegacións.</p>			

A normativa que rexe o seguimento anual do alumnado pode atoparse [nesta ligazón](#). Tal e como se indica no punto 4: *Para o alumnado que leve máis dun ano no programa de doutoramento (sen distinguir a súa dedicación), a avaliación anual incluírá a celebración dun seminario de seguimento.*

## ACTUACIÓN DOS TRIBUNAIS

A presidencia dos tribunais contactará cos outros membros e co alumnado asignado para fixar a xuntanza no período establecido para a universidade de matrícula do alumnado. Unha vez fixada a data e hora, a presidencia deberá **informar á coordinación** do doutoramento para que se habiliten as **xuntanzas virtuais** de xeito que se garanta a participación do alumnado e do profesorado do programa, a través dos medios telemáticos previstos.

De acordo co punto 5 do [procedemento](#), con anterioridade á celebración do seminario de seguimento, o alumnado que deba *realizar o seminario de seguimento* **remitirán á coordinación documentación que evidencie o seu desempeño** (*traballos en preparación, publicacións e/ou ponencias, etc.*). Esta documentación **acompañarase dun breve resumo dos resultados acadados**. Esta documentación será remitida ao tribunal con anterioridade á celebración do seminario (punto 8 do [procedemento](#)).

O alumnado disporá de **15 minutos para a presentación**, tal e como recolle a normativa (punto 7 do [procedemento](#)), á que seguirá unha quenda de preguntas por parte do tribunal.

O tribunal **emitirá un informe** (formato no **ANEXO I**) que contemplará os aspectos recollidos no punto 11 do [procedemento](#) e que **remitirá á coordinación** da CAPD.

## TRIBUNAIS ASIGNADOS

Os tribunais de seguimento asignados para o alumnado convocado a seguimento no curso 2020-2021 pode consultarse no **ANEXO II**. Nos tribunais indícarase que membro actúa na presidencia, na secretaría e como vogal.

## MEDIOS TELEMÁTICOS

Os seminarios de seguimento realizaranse por vía telemática. Para a celebración dos seminarios correspondentes ao curso 2020-2021, dende a coordinación organizaranse reunións a través da **plataforma MS Teams** ás que se lle dará acceso tanto ao alumnado como ao profesorado do programa, dando cumprimento ao punto 9 do [procedemento](#).

## RECLAMACIÓNS

A CAPD emitirá o informe favorable ou desfavorable sobre a avaliación anual nas datas sinaladas, habilitando tamén un prazo de reclamacións. O alumnado poderá presentar reclamación á súa avaliación, mediante escrito dirixido á presidencia da CAPD.

## DOUTORANDOS/AS CON PREVISIÓN DE SOLICITUDE DE SEMINARIO DE TESE

O alumnado que teña a **previsión de solicitar o seminario de tese antes do 31 de decembro de 2021**, deberán comunicalo á presidencia da CAPD antes do 25/06/2021, achegando igualmente o informe breve da súa actividade e a documentación acreditativa no momento en que proceda, **quedando exentos do seminario de seguimento**. O tribunal asignado actuará como tribunal de seminario de tese tal e como recolle a normativa.

## ANEXO I. INFORME DO TRIBUNAL DE SEGUIMENTO

Alumno/a: \_\_\_\_\_

Director/a: \_\_\_\_\_

Título da tese: \_\_\_\_\_

Data do seminario: \_\_\_\_\_

### ASPECTOS DESTACABLES DO TRABALLO REALIZADO

*Aspectos positivos do traballo presentado, tendo en conta o cumprimento dos fitos establecidos na memoria do título:*

- 1. Asistir a congresos de ámbito autonómico, nacional ou internacional onde de a coñecer os seus avances.*
- 2. Asistir aos seminarios de iniciación á investigación e que, ao cabo do primeiro ano, sexa quen de impartir un seminario.*
- 3. Ao segundo ano, o/a doutorando/a debe ser quen de escribir unha publicación que se poida remitir a unha revista.*
- 4. Dunha tese na área de Estatística e Investigación Operativa, espérase que contribúa con, polo menos, un artigo nalgunha das revistas do JCR (publicado ou aceptado para a súa publicación).*

### ÁREAS DE MELLORA CRÍTICAS

*Aspectos que se consideren críticos para garantir que o traballo desenvolvido polo/a doutorando/a acadada os [requisitos mínimos](#) establecidos polo programa. Ditos requisitos son os seguintes:*

- 1. A tese debe conter algunha contribución metodolóxica na área de estatística e investigación operativa, entendendo como tal: (a) a obtención de resultados teóricos que establezan propiedades dos modelos, conceptos, métodos ou algoritmos que se propoñan ou investiguen, ou ben (b) o deseño e realización de estudos de simulación ou experimentación intensivos que permitan validar propiedades dos modelos, conceptos, métodos ou algoritmos que se propoñan ou investiguen.*
- 2. As contribucións da tese deben ter a relevancia suficiente para que delas se poidan derivar publicacións de carácter científico na área de estatística e investigación operativa en revistas de difusión internacional.*

### OUTRAS ÁREAS DE MELLORA

*Outros aspectos que puideran ser obxecto de mellora.*

### VALORACIÓN FINAL

*Favorable / Non favorable*

Lugar e data:

Presidente/a

Vogal

Secretario/a

## ANEXO II. TRIBUNAIS ASIGNADOS

### ALUMNADO USC – SEMINARIOS DE SEGUIMENTO EN XULLO 2021

Apelidos	Nome	Univ.	TRIBUNAL DE SEGUIMENTO		
Ginzo Villamayor	María Jose	USC	Wenceslao González Manteiga (pres)	Javier Tarrío Saavedra (sec)	Ana Pérez González (vog)
Lado Baleato	Óscar	USC	César A. Sánchez Sello (pres)	Javier Tarrío Saavedra (sec)	Ana Pérez González (vog)
Armijos Toro	Livino Manuel	USC	Julio González Díaz (sec)	Ignacio García Jurado (pres)	Juan Vidal Puga (vog) (provisional)
Davila Pena	Laura	USC	José María Alonso Meijide (vog)	Julián Costa Bouzas (sec)	Estela Sánchez Rodríguez (pres)
Freijeiro González	Laura	USC	Beatriz Pateiro López (sec)	Germán Aneiros Pérez (vog)	Antonio Vaamonde Liste (pres)
Llana García	Irene	USC	Balbina V. Casas Méndez (vog)	Julián Costa Bouzas (sec)	Gloria Fiestras Janeiro (pres)
González Rodríguez	Brais	USC	Balbina V. Casas Méndez (vog)	Silvia Lorenzo Freire (sec)	Gustavo Bergantiños Cid (pres)
López Pérez	Alejandra	USC	Beatriz Pateiro López (sec)	Mario Francisco Fernández (pres)	Juan Carlos Pardo Fernández (vog)
Alonso Pena	María	USC	Wenceslao González Manteiga (pres)	Mario Francisco Fernández (vog)	Ana Pérez González (sec)
Castro Prado	Fernando	USC	Carmen M. Cadarso Suárez (sec)	Ricardo Cao Abad (pres)	Antonio Vaamonde Liste (vog)

### ALUMNADO UDC, UVigo – SEMINARIOS DE SEGUIMENTO EN SETEMBRO 2021

Apelidos	Nome	Univ.	Tribunal de seguimento		
Guimaraes Martins	Susana Rafaela	UVigo	César A. Sánchez Sello (pres)	Graciela Estévez Pérez (vog)	Ana Pérez González (sec)
Safari	Wende	UDC	Carmen M. Cadarso Suárez (vog)	Ricardo Cao Abad (pres)	Jacobo de Uña Álvarez (sec)
Méndez Fernández	Isabel	UDC	Julio González Díaz (sec)	Rubén Fernández Casal (vog)	Leticia Lorenzo Picado (pres)
Noceda Davila	Diego	UDC	Julio González Díaz (vog)	Ángel Rueda González (sec)	Gustavo Bergantiños Cid (pres)
Barreiro Ures	Daniel	UDC	Manuel Febrero Bande (pres)	Rubén Fernández Casal (sec)	Jacobo de Uña Álvarez (vog)
Pérez Veiga	Natalia	UVigo	Rosa M. Crujeiras Casais (sec)	José A. Vilar Fernández (vog)	Jacobo de Uña Álvarez (pres)
Peláez Suárez	Rebeca	UDC	Alberto Rodríguez Casal (sec)	José A. Vilar Fernández (vog)	Antonio Vaamonde Liste (pres)
Cruz Pérez	Edwin Andrés	UDC	Manuel Febrero Bande (vog)	Germán Aneiros Pérez (sec)	Antonio Vaamonde Liste (pres)
Piñeiro Lamas	Beatriz	UDC	Carmen M. Cadarso Suárez (pres)	Amalia Jácome Pumar (sec)	María del Carmen Iglesias Pérez (vog)
López Oriona	Ángel	UDC	Jose Ameijeiras Alonso (sec)	Germán Aneiros Pérez (pres)	Tomás Cotos Yáñez (vog)
Núñez Lugilde	Iago	UVigo	José María Alonso Meijide (sec)	Ignacio García Jurado (pres)	Gloria Fiestras Janeiro (vog)